



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 23 DE XANEIRO DE 2019

**PRESIDENTE:** D. Manuel A. Jove Losada, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

**SECRETARIO DA MESA:** D. Manuel A. Trabado Trabado, funcionario do Servizo de contratación.

**VOGAIS:** D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Corporación.

D. José Antonio Castro Liz, en substitución da Interventora da Corporación.

D. Pablo Rodríguez Fernández, Arquitecto do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos (Asunto 1).

D<sup>a</sup>. Mónica Marras Mosquera, Xefa do Servizo de Arquitectura (Asunto 1).

D. Marcos Quiñoá Campos, funcionario da Asesoría Xurídica (Asuntos 2 e 3).

D. Ramón Rozados Sánchez, funcionario do Servizo de Medio Ambiente (Asunto 2).

D. Fernando Planas Roca, Xefe do Servizo de Vías e Obras. (Asunto 3).

Asiste D. José Manuel Yanes Ginzo, en representación do grupo Provincial do PP con voz e sen voto, conforme ao seu escrito RXE 13425/2014.

Na Sala de Emprego, sendo as nove horas e 15 minutos horas do día 23 de xaneiro, baixo a Presidencia de D<sup>a</sup>. Manuel A. Jove Losada, constituíse a Mesa de Contratación co obxecto de tratar os asuntos figurados na convocatoria efectuada pola Presidencia con data 27 de novembro de 2018.

Unha vez constituída a Mesa, incorporouse ao acto D. Eugenio Corral Álvarez, con DNI nº 33844670-D, en representación, segundo manifesta, da Asociación Provincial de Empresarios da Construción (APEC); D. Valentín Coto Pérez, con DNI nº 77594422-N, en representación, segundo manifesta, da UTE: COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL – LUIS VILLAMIDE SL e D. Manuel de Jesús Cansado Sánchez, con DNI nº 06972437-F, en representación, segundo manifesta, da mercantil JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA.

De orde da Presidencia, pola Secretaria da mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

1. **GUITIRIZ.- CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA DE ATENCIÓN A PERSOAS DA TERCEIRA IDADE (EX0090B18AB)**
  - a) *Dación de conta das empresas que se presentan á licitación*
  - b) *Apertura e valoración do sobre/arquivo electrónico "1", documentación administrativa, e, no seu caso, apertura do sobre/arquivo "2", oferta económica.*
2. **LUGO.- MELLORA E POSTA EN VALOR DOS HORTOS URBANOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO NO PARQUE DO RÍO RATO E PARADAI SEGUNDO PROXECTO "OS AGROS DO RATO E PARADAI".- (EX0050B18AB).**
  - a) *Dación de conta informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co cálculo da baixa desproporcionada ou anormal, valoración e propostas.*
3. **FOLGOSO DO COUREL.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1301, RAMAL 2, "SEOANE DO COUREL (LU-651) - HOSPITAL (LU-633) E RAMAIS A PIÑEIRA E LOUSADA- VILELA", PK 1+480 AL 2+580, LU-P-1303 "SEOANE (LU-P-1301) - VISUÑA - FERRAMULIN (LU-P-5004)", PK 14+000 AL 15+600, LU-P-1306 "MEGOXE (LU-651) - SECEDA - FERREIRA DO INCIO (LU-642)", PK 2+900 AL 3+900, LU-P-4501 "POIO (LU-633) - LOUZARELA - LU-P-5601 E ACCESO A MEIRAOS", PK 6+800 AL 7+800 Y LU-P-5601 "SAMOS (LU-633) - COUREL (LU-P-1301) E RAMAL A SANTA MARIÑA", PK 34+000 AL 36+020 (EX0130B-PERF 17/19-AB)**
  - a) *Dación de conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co cálculo da baixa desproporcionada ou anormal, valoración e propostas.*



ASUNTO 1.- GUITIRIZ.- CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA DE ATENCIÓN A PERSOAS DA TERCEIRA IDADE (EX0090B18AB)

a. Dación de conta das empresas que se presentan á licitación

Pola Presidencia, dáse conta das empresas presentadas así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación da obra identificada como GUITIRIZ.- CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA DE ATENCIÓN A PERSOAS DA TERCEIRA IDADE (EX0090B18AB) segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 21 de decembro de 2018 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados, dentro do prazo, a este procedemento foron os seguintes:

Nome da Empresa	Nº admisión	Fecha/hora de presentación de oferta	Registrado na Plataforma	Acceso a terceiros	
Construções Alea, S.L.	B32001687	15-01-2019 17:57	Si	Acceso a terceiros	eliminar
CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI, S.L.U.	B27201326	16-01-2019 12:29	Si	Acceso a terceiros	eliminar
CONSTRUCCIONES OREGA	B32184558	16-01-2019 20:17	Si	Acceso a terceiros	eliminar
CONSTRUCTORA CONSVIAL S.L.	B05004999	16-01-2019 18:35	Si	Acceso a terceiros	eliminar
CONTRATAS VILOR, S.L.	B97400626	16-01-2019 12:30	Si	Acceso a terceiros	eliminar
COPCISA, SA	A08190696	16-01-2019 18:17	Si	Acceso a terceiros	eliminar
COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES S.L.-LUIS VILLAMIDE S.L. UTE	UTE: 237698	16-01-2019 19:20	Si	Acceso a terceiros	eliminar
EMERGIS CONSTRUCCION S.L.- PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L.	B32119166	16-01-2019 19:15	Si	Acceso a terceiros	eliminar
JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES S.A.	A06009104	15-01-2019 12:37	Si	Acceso a terceiros	eliminar
OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO SL	B32021487	16-01-2019 10:34	Si	Acceso a terceiros	eliminar

Nome da Empresa	Nº admisión	Fecha/hora de presentación de oferta	Registrado na Plataforma	Acceso a terceiros	
PRADO LAMEIRO SL	B32241432	16-01-2019 10:55	Si	Acceso a terceiros	eliminar
VIALES Y OBRAS PÚBLICAS, S.A	A16199374	16-01-2019 16:43	Si	Acceso a terceiros	eliminar
GESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	36746384	16-01-2019 10:45	No	Acceso a terceiros	eliminar

A mesa acorda por unanimidade admitir inicialmente ás empresas presentadas, e das que nomeadamente se dá conta a través do pantallazo que precede.

b. Apertura e valoración do sobre/arquivo electrónico "1", documentación administrativa, e, no seu caso, apertura do sobre/arquivo "2", oferta económica.

De seguido procédese á apertura do arquivo dixital "1" e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e observándose deficiencias na mesma, no sentido que a UTE: COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL –LUIS VILLAMIDE SL, non presenta o compromiso de UTE, senon que



achega documentación que non ten que ver con esta licitación, como manifesta o seu representante, presente no acto, que indica que foi un erro ao adxuntar a documentación escaneada, pero que o teñen asinado e en disposición de achegalo. A mesa, por unanimidade acordou, tendo en conta o establecido na cláusula 16 do PCAP e de conformidade co artigo 140 da LCSP e artigo 81 do RXLC, requirir a UTE: COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL –LUIS VILLAMIDE SL e concederlle un prazo de 3 días hábiles, para que saneen o erro apreciado, achegando o amentado compromiso, que deberá constar á data de terminación do prazo para presentación de ofertas, proseguindo coa apertura dos arquivos que conteñen a oferta económica.

A continuación, de orde da Presidencia, procédese á apertura do arquivo dixital “2” que contén as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

GUITIRIZ.- CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA DE ATENCIÓN A PERSOAS DA TERCEIRA IDADE (EX0090B18AB).

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)	1.662.430,00		
VALOR ESTIMADO	1.511.300,00	151.130,00	IVE. PARTIDA INDEPEND
CLASIFICACION EXIGIDA:	C-2.4 /// C-4-4		
PAZO DE EXECUCION:	12		MAXIMO 30.226,00

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)	OUTROS								CRITERIO DESEMPATE	
	PREZO (IVE incluído - art 102)	SEGUIMIENTO OBRA TEMPO REAL (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)	Plantel / Discapac.	
		OPCIÓN (A/B/C)	OPCIÓN (SI/NO)	MESES (max 24)	DÍAS	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	IMPORTE		
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	1.188.138,72 €	C	SI	24,00	90,00	12,00	11	91,67%	30.226,00 €	12/0
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.428.845,00 €	c	SI	12,00	0,00	9,00	6	66,67%	3.000,00 €	9/0
3	CONSTRUCCIONES OREGA	1.194.984,91 €	c	SI	24,00	90,00	20,00	11	55,00%	26.289,67 €	20/0
4	CONSTRUCCIONES CONSVIAL SL	1.144.084,34 €	C	SI	24,00	90,00	25,00	21	84,00%	1.500,00 €	25/1
5	CONTRATAS VILOR SL	1.483.091,50 €	A,B,C	SI	24,00	90,00	52,00	23	44,23%	24.980,17 €	52/1
6	COPCISA SA	1.333.767,59 €	C	SI	24,00	90,00	339,00	225	66,37%	24.250,32 €	339/0
7	UTE: COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL - LUIS VILLAMIDE SL	1.446.500,00 €	C	SI	24,00	90,00	22,00	15	68,18%	20.000,00 €	22/0
8	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.423.419,55 €	C	SI	24,00	90,00	13,00	8	61,54%	18.000,00 €	13/0
9	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA	1.241.336,48 €	C	SI	24,00	90,00	131,00	78	59,54%	30.226,00 €	131/3
10	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	1.420.380,50 €	C	SI	24,00	90,00	20,00	5	25,00%	30.226,00 €	20/0
11	PRADO LAMEIRO SL	1.411.237,30 €	C	SI	24,00	90,00	5,00	2	40,00%	30.226,00 €	5/0
12	VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA	1.563.974,00 €	C	SI	24,00	90,00	102,00	32	31,37%	7.556,50 €	102/3
13	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.327.117,87 €	A,B,C	SI	24,00	90,00	23,00	19	82,61%	30.226,00 €	23/1

Pola mesa obsérvase que algunhas das ofertas non indican o IVE correcto, xa que fan o cálculo do 21%, cando a licitación desta Residencia está suxeita ao IVE do 10%, como así consta no proxecto e no PCAP, así como no modelo de oferta. A mesa acorda aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (base 100.000,00; IVE: 10% sobre base: 10.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 110.000,00). Este razoamento é extensible as ofertas que aplicaron un IVE do 21% (OBRAS Y SERVICIOS CRESPO SL e PRADO LAMEIRO SL), en lugar do 10%. Respectase en todo caso o importe precisado como “base imponible”.



A mesa, vista a oferta en relación co apartado de “seguimento da obra en tempo real”, no que as empresas CONTRATAS VILOR SL e XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, marcan as casillas das tres opcións posibles (cámaras CCTV, cámaras IP e Sistema crane cam), acorda aceptar a de maior puntuación, e de ser adjudicatario algún deles deberá cumprir coas tres opcións, segundo o establecido no PCAP.

Así mesmo, observase que a porcentaxe de traballadores indefinidos indicados no anexo III-bis de algunha das empresas presentadas, concretamente JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA; OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO SL e PRADO LAMEIRO SL, non é correcto, e feita a operación matemática para acadar o porcentaxe, a mesa acorda recoller na acta o correcto de acordo coas operacións realizadas ao introducir os datos na folla de cálculo excell, e que constan correctamente aplicadas no cadro precedente.

De seguido procédese, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		OFERTA (A-B)
		Oferta
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	1.188.138,72 €
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.428.845,00 €
3	CONSTRUCCIONES OREGA SL	1.194.984,91 €
4	CONSTRUCCIONES CONSVIAL SL	1.144.084,34 €
5	CONTRATAS VILOR SL	1.483.091,50 €
6	COPCISA SA	1.333.767,59 €
7	UTE: COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL - LUIS VILLAMIDE SL	1.446.500,00 €
8	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.423.419,55 €
9	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA	1.241.336,48 €
10	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	1.420.380,50 €
11	PRADO LAMEIRO SL	1.411.237,30 €
12	VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA	1.563.974,00 €
13	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.327.117,87 €

MEDIA 1.354.375,21	NOVA MEDIA 1.336.908,65
-----------------------	----------------------------

BAIXA TEMERARIA 1.218.937,69	NOVA BAIXA 1.203.217,78
---------------------------------	----------------------------

10% ARRIBA 1.489.812,73
----------------------------

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:

A vista do anterior, observase que as ofertas presentadas polas mercantís COSNTRUCCIONES ALEA SL, CONSTSRUCCIONES OREGA SL e CONSTRUCCIONES CONSVIAL SL, incorren en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia aos contratistas indicados para que xustifiquen a súas ofertas e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.



**ASUNTO 2.- LUGO.- MELLORA E POSTA EN VALOR DOS HORTOS URBANOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO NO PARQUE DO RÍO RATO E PARADAI SEGUNDO PROXECTO "OS AGROS DO RATO E PARADAI".- (EX005OB18AB).**

- a. *Conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co cálculo de baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, valoración e propostas.*

Pola Presidencia, dáse conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co requirimento á empresa EULEN SA, cuxa oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

*"(...) o Servizo de Contratación, tendo en conta o establecido na cláusula 13 do PCAP reitor da adxudicación da obra solicitou da empresa a súa xustificación, a través de escrito con RS 14192 de data 07 de decembro de 2018, achegado a través do correo electrónico autorizado polo licitador, con confirmación de lectura do día 11 de decembro de 2018.*

*A empresa EULEN SA, non consta que presentara xustificación no prazo outorgado, segundo informe da Unidade de Rexistro Xeral emitido en data 08 de xaneiro de 2019.*

*Doutra banda, entre as funcións da mesa de contratación, o artigo 22.f do RD 817/2009, de 8 de maio, do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Contratos do Sector público, precisa "...Cuando entienda que alguna de las proposiciones podría ser calificada como anormal o desproporcionada, tramitará el procedimiento previsto al efecto por el artículo 136.3 de la Ley de Contratos del Sector Público, y en vista de su resultado propondrá al órgano de contratación su aceptación o rechazo, de conformidad con lo previsto en el apartado 4 del mismo artículo".*

*De non presentarse xustificación da oferta presentada, non cabe a súa valoración e verificación da súa viabilidade, de modo que a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato queda garantido nos termos fixados nos pregos de condicións (ver acordo 21/2013, do 30 de abril, do TAC de Aragón) e igualmente que naquela oferta desproporcionada ou anormal non existen prácticas restritivas de competencia.*

*Neste sentido, e como recorda o TACRC, en resolución 217/2011, do 14 de novembro, no procedemento de xustificación da oferta non é suficiente unha afirmación, senón que se require unha explicación, que mal pode combatirse se non queda reflexada por escrito.*

*Asemade debe terse en conta que a cualificación dunha oferta como desproporcionada ou anormalmente baixa enténdese como presunta; presunción que se pode desmontar coa xustificación ou defensa das razóns que motivaron a presentación de tal proposición. Ao non aportarse naquel trámite xustificación algunha, permanece viva a presunción de temeridade (Resolución nº 385/2015, do 21 de xullo de 2015 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Extremadura).*

*Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte:*



1. *Rexeitar, ao non presentar a xustificación da oferta desproporcionada ou anormal, a oferta da mercantil EULEN SA elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.*
2. *Realizar a valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.*

*E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.*

Pola Mesa, por unanimidade acordase aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á presente Acta, polo que se procede á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (80)		MELLORAS (15)				P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Aumento Prazo Garantía (max 24) (8 ptos)	ptos	Redución execución (max 2 semanas) (7 ptos)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	AGRICULTURA Y TECNOLOGÍA AGROTECNIA SL	80.793,54 €	59,23	24,00	5,33	2,00	7,00	3.609,27 €	5,00	71,23
2	MANTENIMIENTO FORESTAL MAG SL	78.495,84 €	80,00	36,00	8,00	2,00	7,00	3.793,00 €	5,00	92,00

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda que se eleve ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

**ASUNTO 3.- FOLGOSO DO COUREL.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1301, RAMAL 2, “SEOANE DO COUREL (LU-651) - HOSPITAL (LU-633) E RAMAIS A PIÑEIRA E LOUSADA- VILELA”, PK 1+480 AL 2+580, LU-P-1303 “SEOANE (LU-P-1301) - VISUÑA - FERRAMULIN (LU-P-5004)”, PK 14+000 AL 15+600, LU-P-1306 “MEGOXE (LU-651) - SECEDA - FERREIRA DO INCIO (LU-642)”, PK 2+900 AL 3+900, LU-P-4501 “POIO (LU-633) - LOUZARELA - LU-P-5601 E ACCESO A MEIRAOS”, PK 6+800 AL 7+800 Y LU-P-5601 “SAMOS (LU-633) - COUREL (LU-P-1301) E RAMAL A SANTA MARIÑA”, PK 34+000 AL 36+020 (EX0130E PERF 17/19-AB)**

- a. *Conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co cálculo de baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, valoración e propostas.*

Pola Presidencia, dáse conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co requirimento á empresa AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA, cuxa oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa. Neste informe detectouse erro material de transcripción, que se deduce dos documentos incorporados ao expediente, no relativo a que, nun dos apartados, figura o nome da empresa requirida de forma incorrecto, e na parte “in fine” indicase “elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión”, o que non é



correcto, xa que se admite a oferta. Deixase constancia destes erros en dilixencia ao efecto, e nesta Acta xa se recolle a emenda referenciada. Así, recollida a emenda, en dito informe contéñense os seguintes extremos:

*"(...) polo Servizo de Contratación, tendo en conta o establecido na cláusula 13 do PCAP, reitor da adxudicación da obra, solicitouse da empresa a súa xustificación, a través de escrito con RS 13100 de data 05 de novembro de 2018, achegado polo canle do correo electrónico autorizado polo licitador, con confirmación de lectura do día 07 de novembro de 2018.*

*A empresa AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA, por escrito de data 21 de novembro de 2018, con rexistro número 30902, presentou xustificación no prazo outorgado, que unha vez recibida foi remitida ao Servizo de vías e obras da Deputación, para que emitira informe no prazo mais breve posible.*

*Polo Servizo de Vías e Obras, en data 10 de xaneiro de 2019, achégase informe en relación coa xustificación da oferta da mercantil AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA no que, entre outros, constan os seguintes extremos:*

*"(...)*

*Que a documentación aportada pola citada empresa xustifica a valoración da oferta e precisa as condicións da mesma en canto a aforros que permite o procedemento de fabricación e o método de construción e as condicións favorables das que dispón para executar as obras.*

#### **CONCLUSIÓN**

***Elévase o presente informe a trámite e consideración da Mesa de Contratación, si ben polo técnico que subscribe se considera suficientemente xustificada a oferta anormalmente baixa da empresa AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS."***

*Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte:*

- 3. Admitir, en base ao informe técnico, a oferta da mercantil AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA, ao considerarse xustificada a oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.*
- 4. Realizar a valoración das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel ( folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.*

*E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito".*

Pola Mesa, por unanimidade acordase aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á presente Acta, polo que se procede á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:



	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. COMUNICACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	242.527,91 €	75,00	0,00	0,00	0,00 €	0,00	75,00
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	274.670,00 €	40,78	0,00	0,00	0,00 €	0,00	40,78
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	312.979,63 €	0,00	450,00	20,00	12.900,00 €	5,00	25,00
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL	287.158,81 €	27,49	164,00	7,29	1.432,21 €	0,56	35,34
5	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	280.586,23 €	34,48	185,00	8,22	1.293,00 €	0,50	43,20
6	HORDESCÓN SL	293.074,12 €	21,19	69,00	3,07	421,00 €	0,16	24,42

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda que se eleve ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

E non habendo máis asuntos que tratar, O Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu o Secretario da mesa, Certifico.

O PRESIDENTE DA MESA,

Manuel A. Jove Losada

VOGAIS:

María Esther Álvarez Martínez

Mónica Marras Mosquera (Asunto 1)

Marcos Quiñoá Campos (Asuntos 2 e 3)

Fernando Planas Roca (Asuntos 3)

O SECRETARIO DA MESA,

Manuel A. Trabado Trabado

José Antonio Castro Liz

Pablo Rodríguez Fernández (Asunto 1)

Ramón Rozados Sánchez (Asunto 2)